

IVÁN TURGUÉNEV

Fume

Traducido por Iago Fernandes López



Hugin e Munin

I

Ás catro da tarde do 10 de agosto de 1862, unha recova-
xe de xente amoreábase diante do soado Conversation de
Baden Baden. Ía un tempo amantiño; todo á volta –as
verdes árbores, as relucentes casas da acollidora cidade,
as onduladas cuíñas– tiña unha aura festiva que se espa-
rexía espléndida á benevolente raxeira; todo sorría cunha
dozura cegamente confiada, e ese mesmo sorriso, impre-
ciso ao tempo que agradable, vagaba polos rostros todos,
de vellos e mozos, laidos e fermosos. Nin as máis atila-
das e empoadas figuras das meretrices parisienses empecían
a impresión xeral de ledicia e xúbilo, e as fitas e plumas re-
chamantes, o escintileo dourado e aceirado dos chapeus e os
veos recordaban sen pretendelo o brillo vivo e xogoral das
flores primaverais e das ás irisadas; e aínda que a cháchara
seca e gutural en xerga francesa se estendía por todas as
partes, nin tapaba o rechouchío das aves, nin podía com-
pararse con el.

Polo demais, todo decorría polo seu curso. No pavillón,
a orquestra tocaba xa un popurrí de *La Traviata*, xa un
valse de Strauss, xa a romanza rusa *Dicídelle*, instrumen-
tada polo dilixente mestre. Nas salas de xogo, ao redor das
mesas de tapetes verdes, apiñábanse as figuras de sempre,
coa mesma expresión sombriza e cobizosa, entre perple-
xa e anoxada, e en esencia depredatoria, que inscribe nas
faccións, incluso nas máis aristocráticas, a febre ludómana
das cartas; o mesmo terratenente de Tambov, reboludo e

vestido con supina elegancia, debruzábase na mesa con semellante e incomprendible precipitación convulsiva e ollos reboutados, sen lles prestar atención aos fríos sorrisos burleiros dos *croupiers*, para ciscar coa man suorenta unha presa de redondos luíses de ouro¹ polos catro cantos da ruleta no preciso instante no que aqueles anunciaban *Rien ne va plus*, arredando así calquera posibilidade de ganancia, incluso no caso de a sorte o acompañar, pois nada disto había evitar que esa noite se arrimase con sentida indignación ao príncipe Cocó, un dos máis recoñecidos dirixentes da oposición aristocrática, o mesmo que en París, no salón da princesa Matilde e en presenza do emperador², dixera tan verboso: *Madame, le prince de la propriété est profondément ébranlé en Russie*³.

Ao pé da árbore rusa –*á l'Arbre russe*– reuníanse, coma de costume, os nosos estimados compatriotas dun e doutro sexo; chegábanse con ampuloso desdén, consonte a moda; saudábanse con maxestade, elegancia e desenvoltura, tal e como corresponde a suxeitos situados no máis alto da educación moderna. Mais, así que se xuntaban e sentaban, sentíanse completamente perdidos, sen saber que se dicir, e daban en latricar, acudindo ao ruín intercambio de fútiles vaguidades, ou contentábanse coas saídas disparatadas, en extremo insolentes e resesas que baduaba un vello exlitterato francés, tarabelo e gralleiro, cuns miserables zapatos xudeus nos peciños cativos e unha barbicha ridícula nun queixo repugnante. Engaiolábaos, *á ces princes russes*,

¹O luís de ouro foi unha moeda de curso legal en Francia entre 1640 e 1742. Na altura na que decorre a historia, porén, era corrente denominar así a moeda de 20 francos. As salas de xogo de Baden aceptaban a divisa francesa canda o *gulden* (florín) suralemán.

²Napoleón III (París, 1808-Chislehurst, 1873), emperador dos franceses entre 1852 e 1870.

³«Señora, en Rusia o principio da propiedade está profundamente quebrantado».

